



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Galicia **Skills** 2014

Galicia **Skills** 2014

III CAMPIONATO GALEGO DA FORMACIÓN PROFESIONAL

10 Soldadura

Convoca:



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Empresa patrocinadora:



galicia



UNIÓN EUROPEA
 Fondo Social Europeo
 O FSE inviste no teu futuro



GOBIERNO
 DE ESPAÑA

MINISTERIO
 DE EDUCACIÓN, CULTURA
 Y DEPORTE



Introdución e obxectivos

O Campionato Galego de Formación Profesional no skill de "Soldadura" é unha competición eminentemente práctica, na que se miden os coñecementos e as destrezas do alumnado de formación profesional participante, que demostrará a súa competencia profesional en representación do seu centro educativo.

Os obxectivos deste campionato son os seguintes:

- Pór en valor a calidade e o atractivo das ensinanzas de formación profesional da familia profesional de "Fabricación mecánica" que se imparten nos centros da nosa comunidade autónoma.
- Motivar o alumnado para a mellora da calidade da FP.
- Recoñecer e estimular o labor do profesorado.
- Potenciar as relacións dos centros nos que se imparten os ciclos formativos desta familia coas empresas deste sector.
- Seleccionar a persoa que represente a Galicia no skill de "Soldadura" na Olimpíada de Formación Profesional SpainSkills 2015.

Os ciclos formativos relacionados con esta competición son:

- CS Construcións metálicas
- CM Soldadura e caldeiraría.

Requisitos de participación

- Cada centro presentará unha única persoa participante, que deberá ir na compañía dun profesor ou unha profesora que se comprometa a exercer o papel de titor ou titora.
- As persoas competidoras deberán ter unha idade máxima de 21 anos o 31 de decembro de 2014.
- Deberán ademais estar matriculados/as nun ciclo formativo no curso 2014-2015.
- Durante a competición realizaranse reportaxes fotográficas que se utilizarán para a difusión dos campionatos de formación profesional. As persoas participantes autorizan a utilización destas fotos e destes vídeos para tal fin.

Inscrición

A inscrición realizaraa o centro educativo, cubrindo a ficha de inscrición e remitíndoa ao enderezo de correo electrónico sxfp@edu.xunta.es. Esta solicitude atópase na páxina web de www.edu.xunta.es/fp/galiciaskills, onde pode consultarse toda a información sobre o campionato.

O prazo de inscrición finaliza o día 30 de abril.



Lugar e data de celebración das probas

A competición celebrarase no CIFP Valentín Paz Andrade, de Vigo, o día 15 de outubro.

Contidos das probas

As probas consistirán en varias prácticas de soldadura con demostración de destrezas, habilidades e coñecementos relacionados coa profesión.

Para a execución das prácticas aplicaranse os seguintes procedementos de soldadura:

- Soldadura por arco manual con eléctrodo revestido (SMAW, MMAW) 111.
- Soldadura po arco con gas activo (GMAW, MAG) 135.
- Soldadura por arco con tungsteno (GTAW, TIG) 141.

Normativa de soldadura empregada.

Os termos e as definicións de referencia para os procedementos, as posicións e as verificacións das soldaduras serán os establecidos pola Organización Internacional de Normalización (ISO) e a Sociedade Americana de Soldadura (AWS).

Materiais e ferramentas para achegar polas persoas participantes

O centro organizador proporcionará as máquinas, as ferramentas e os equipamentos necesarios para a realización das probas, así como todos os materiais que se vaian soldar (chapas, tubaxes ou seccións de metais laminados).

Ademais, proporcionaralle a cada concursante luvas, lentes de seguridade, mandil e careta de soldador.

Cada aspirante deberá traer as súas botas de seguridade, así como a roupa de traballo (funda ou chaqueta e pantalón).

Xurado

Será o responsable da avaliación das persoas participantes e a súa decisión será inapelable.

Estará constituído por don Ubaldo Costas Piñeiro, experto do skill de "Soldadura" de Galicia, que será o presidente do xurado, ademais do profesorado da especialidade e representantes das empresas patrocinadoras, de ser o caso.

Se algún membro do xurado é profesor ou profesora no centro onde curse os seus estudos algunha persoa participante, absterase de avaliála.



Premios

- A persoa competidora con maior puntuación obterá a medalla de ouro no skill de "Soldadura" e representará a Comunidade Autónoma de Galicia na olimpíada SpainSkills 2015.
- Quen obteña a seguinte mellor puntuación en cada skill obterá a medalla de prata nesa especialidade e será suplente para representar a Galicia na olimpíada SpainSkills 2015.
- Os premios faranse públicos nun acto conxunto de entrega de premios e diplomas.
- Se o considera oportuno o xurado, algún premio pode quedar deserto.
- Todas as persoas competidoras recibirán un diploma que certifique a súa participación en GaliciaSkills 2014.